

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 27 DE NOVIEMBRE DE 2014

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18:05 horas do día 27 de novembro de 2014, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Panceiras, don Iván Puentes Rivera, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don Juventino José Trigo Rey, don Manuel Polo Gundín e dona Inés Roca Requeijo.

Non asistiron os/as concelleiros/as: don José Antonio López Rodríguez, dona Rita María Couto Seijido, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, da proposta de resolución do grupo municipal socialista en relación coa "Implementación da regularización catastral, actuación do goberno municipal nese proceso e propostas de actuación do Concello de Fene ante o mesmo"

Consta no expediente o seguinte ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego do Concello de Fene realizada en data 24 de novembro do 2014 por 3 abstencións do Partido Popular e 5 votos a favor (BNG 2 votos, PSOE 2 votos, Grupo Mixto 1 voto):

""Os/As abaixo asinantes, todos/as eles/as concelleiros/as desta Corporación, ó amparo do establecido nos artigos 46.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Bases de Réxime Local, 48 do Real Decreto Legislativo 781/1986 de 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local e 78 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, Solicitan a celebración dun pleno extraordinario e para isto tiveron en conta os seguintes

SOLICITAN:

A aprobación por parte do pleno do seguinte Acordo:

1.- Instar o Concelleiro de Facenda e Promoción Económica do Concello de Fene para que se desculpe ante os membros da Comisión de Facenda do Concello de Fene, e os veciños e veciñas aos que representan, por ter faltado á verdade nas súas declaracións na sesión do pasado mes de outubro.

2.- Instar o Alcalde do Concello de Fene, Gumersindo P. Galego Feal a que se desculpe ante a veciñanza e os membros desta corporación por:

2.1.- Ter faltado á verdade, ocultando datos, na información pública que facilitou sobre o proceso de Regularización Catastral.

2.2.- Renunciar á defensa dos intereses dos veciños e veciñas de Fene e abandonalos á súa sorte someténdoo a un proceso de regularización inxusto.

3.- Instar ao Alcalde, Gumersindo P. Galego Feal, para que revoque a autorización á Xerencia Rexional do Catastro para realizar a Regularización Catastral.

4.- Esixir á Dirección Xeral do Catastro e do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas:

4.1.- A suspensión inmediata do proceso de regularización catastral no Concello de Fene.

4.2.- A suspensión con carácter retroactivo da inxusta taxa da regularización catastral.

4.3.- Esixir á Dirección Xeral do Catastro e o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas que repercutan na empresa xestora o custe que para os/as veciños/as supón demostrar as falsedades e imprecisións sobre as que se lles está a realizar a regularización.

5.- Esixir á Dirección Xeral do Catastro e o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o inicio dun novo procedemento de Regularización Catastral en Fene baixo as seguintes premisas:

5.1.- A realización dunha campaña exhaustiva de información sobre a regularización catastral proposta a cada un/unha dos/as afectados/as.

5.2.- Establecer un prazo de reclamación para os afectados pola regularización dun mínimo de 60 días a partir da recepción da información detallada da proposta para ás propiedades de cada veciño/a.

5.3.- Eliminar a taxa da Regularización Catastral.

5.4.- A contratación de empresas acreditadas e con suficiente solvencia técnica para elaborar a proposta de regularización, abandonando as prácticas clientelares que tanto dano levan causado á veciñanza ao ter contratado entidades sen a máis mínima capacitación técnica.

6.- Instar ó goberno municipal do Partido Popular de Fene para que o asesoramento á veciñanza no proceso de Regularización Catastral se realice, en todo momento, por técnicos municipais independentes. Evitando así que sexan asesorados por parte interesada.

7.- Tendo en conta o incremento anual da base impositiva do valor catastral, nos últimos 10 anos, no Concello de Fene, e a actual situación socioeconómica Instar ó Goberno Municipal para a rebaixa do tipo do IBI no Concello de Fene do 0,6784 actual ata o 0,5.

En Fene a 24 de novembro de 2014

Antón Lois Noceda Carballo
José Antonio López Rodríguez
M^a Carmen Silvar Canosa"

Iván Puentes Rivera
Amalia García Balado

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que hoxe están aquí logo de que o partido socialista tivera a cortesía de pedirlle ao goberno municipal que tratara unha cuestión que afecta á veciñanza de Fene e como o goberno municipal non a atendeu o seu grupo tivo que forzar a realización deste Pleno coa sinatura dos seus concelleiros; engadindo que a cortesía democrática do alcalde e do seu goberno foi esgotar os prazos dos 15 días que tiña para convocar o Pleno.

Di a maior parte da veciñanza de Fene ve como se agreden os seus intereses e se lles toma directamente o pelo cobrándolles por un servizo que o que fai é avaliar incorrectamente as súas propiedades ata o esperpento, xunto a unha actuación do goberno municipal que cualifica como lamentable. Polo que se leva dito, isto non nace hai 2 días nin o goberno descoñecía o que pasaba, isto nace hai tempo, así o 25.11.2013 o alcalde recibiu unha carta do Catastro na que se anunciaba que o goberno da nación pretendía facer unha regularización catastral e mencionaba cales eran as condicións, dicía que o importe sería de 60,00 euros por inmoble regularizado e que sería a cargo dos veciños, que o proceso non precisaba participación ningunha do Concello nin lle suporía costes e que neste procedemento ía executárselles aos veciños todos os atrasos correspondentes dos exercicios non prescritos. Pouco despois o alcalde envioulle unha comunicación ao Catastro que tivo saída o 04.12.2013, no que lle comunicou que o Concello de Fene quería ser incluído na resolución

que se aprobe no exercicio 2014 relativo ao procedemento de regularización catastral 2013-2016. Previamente o Catastro tivo que dirixirse ao Concello para comunicarlle que tiña previsto incluír a Fene na regularización catastral e solicitarlle o seu acordo. Por tanto, o Catastro fixo unha regularización cunhas condicións lesivas para os cidadáns e o Concello de Fene tardou 5 días en contestarlle que quería esa regularización e que a quería naquelas condicións. A maior abundamento, o alcalde sacou a colación que nas Comisións Informativas de Urbanismo a oposición soubo deste proceso, así na Comisión do 25.03.2014, logo de que se aprobase o Decreto no que o goberno incluíu a Fene na regularización catastral e que nada ou practicamente nada se puidese facer para evitar os 60,00 euros da taxa e as consecuencias posteriores, dise que se informou á oposición, pero o que consta na acta da Comisión é que a concelleira delegada de Urbanismo deu conta de que se nomeou a unha persoa encargada de estar en contacto coa Deputación da Coruña polo tema da revisión catastral que se vai a iniciar ao longo deste ano, por iso nalgún momento espera que lles expliquen que papel xogaba a Deputación neste proceso, revisión que non era tal, senón que era unha regularización.

Na Comisión de maio a concelleira de Urbanismo fixo mención tanto ao termo revisión como regularización catastral, polo que hai que adiviñar a que se refire, non obstante ela xa sabía que se ían cobrar 60,00 euros, os atrasos e cales eran as condicións nas que se ía facer a regularización, pero o resto non sabían nada. Non obstante dixo algo que acabará sendo importante tal e como se produciron os feitos: "En relación coa revisión catastral que se está a facer en todos os concellos di que Fene foi un dos primeiros seleccionados e di que a xerencia do catastro felicitou ao concello pola labor que está a facer a traballadora encargada disto." É dicir, que o goberno de Fene, manifestouse fachendoso de ser un dos primeiros Concellos en someterse a este experimento coas consecuencias gravosas que xa se saben. Ademais anunciou que a Dirección Xeral do Catastro está moi orgullosa do traballo que fixo a funcionaria á que se lle encargou ese traballo en Fene, cando a regularización que ía ser sen ningún custe para o Concello parece que si o tivo e semella que da regularización, que se sabía pouco, o goberno estaba perfectamente informado, así como das repercusións que ía ter para os veciños e veciñas de Fene.

Prosegue a dicir o voceiro do grupo municipal socialista que chegados a este punto un poderíase preguntar se había alternativas e a resposta é que si que as había, cando menos dúas. A primeira alternativa puido ser, cando se tivo noticia desta cuestión, retrasar no posible a regularización catastral e informar a todas e todos os veciños de Fene cunha carta, que puido custar 500,00 ou 600,00 euros, do que ía pasar e que estes tivesen a opción de regularizar a situación nas mellores condicións posibles. Isto non se fixo e priorizouse quedar ben cos xefes, co goberno da nación e co ministro Montoro (o mesmo ministro que no 2012, ano no que se aprobou esta regularización e outras medidas como aquela amnistía fiscal, permitiu regularizar cartos que viñeron directamente de paraísos fiscais e que estiveron durante anos sen cotizar no país ou diñeiro negro, con cotizacións absolutamente asombrosas; cando un traballador calquera dos estaleiros pode estar tributando a un 20 ou 25 % aqueles cartos tributaron ao 11%, a metade que o que se lle esixe a calquera traballador, por iso para os cartos duns hai unhas condicións e para os demais, para os que están aquí, hai taxas de 60,00 euros e 4 anos de atrasos para todos).

En todo caso, parécelle un xeito bastante indecente de dicir que se defende aos veciños e veciñas de Fene.

Continúa dicindo o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que o alcalde fixo declaracións na prensa, e deixando a un lado as que non están gravadas, o 19 dixo na TV de Ferrol que as ordenanzas fiscais levan 3 anos conxeladas e iso di que é unha verdade a medias, que é o mellor xeito de mentir, xa que esqueceu dicir que o Catastro está subindo todos os anos a base impositiva dende o 2005, ano da revisión catastral no que se acordou a suba durante 10 anos e por iso o IBI subiu todos os anos.

O alcalde tamén dixo que o tipo que se paga é do 0,64%, pero non é certo, tamén houbo unha actualización cando gobernaba o PP e no 2012 o tipo subiu ao 0,66%, o que supón un maior gravame.

O 11 de novembro dixo que este proceso non era unha revisión e que era unha regularización, algo que a concelleira de Urbanismo non soubo explicar nin na comisión de marzo nin na de maio, e o alcalde tamén dixo que o proceso afectaba só ao rural, de tal xeito que en Fene, San Valentín e en Perlío non ía afectar e iso non é así.

En Radio Fene o 29.10.2014 o alcalde dixo que a regularización parecíalle xusta e axeitada e o voceiro do grupo municipal socialista di que a el non lle parece tal, o que si lle parece xusto é que cada un pague polo que ten feito e que todos teñen que colaborar. O alcalde na radio respondeu ao porqué se fan así as cousas dicindo que o Concello non lle facilitou información ao Catastro e por iso

0-0
090
150
P-
E-
10

o Catastro está con isto e que se iso se fixera así, os veciños non terían este problema, pero non se fai porque as leis están así.

Ante este comentario o voceiro replica que as leis non é que estean así, xa que os concellos tamén poden actuar e preguntalle ao alcalde, ¿por que non desenvolveu o convenio coa Xerencia do Catastro e fixo que o Concello dera esas altas? Pon como exemplo ao Concello do Barco de Vadeorras que ten este convenio desenvolvido e todas as pequenas obras que van xurdindo se actualizan e afirma que en Fene non é que os veciños non queiran pagarlle ao fisco, senón que moitos non saben que se fan un garaxe o teñen que dar de alta no Catastro; pola contra, no Barco de Vadeorras o concello asume esa responsabilidade e dá estas altas. Dille ao goberno municipal que levan gobernando xa 3 anos e medio e tiveron tempo para incorporar as novidades.

Prosegue dicindo que o tema foi tan esperpéntico que a pesar de que houbo veciños que se achegaron ao concello, houbo unha Comisión de Facenda na que o concelleiro de Facenda volveu afirmar con rotundidade que garantizaba que dende o Concello non se pedira ningunha revisión catastral, cando ninguén lle preguntou por unha revisión, senón que se lle preguntou pola regularización que se estaba producindo. O concelleiro de Facenda fixo esa matización na derradeira Comisión de Facenda e por iso se lle pide que pida desculpas aos veciños, por non dicir a verdade ou por, sendo o concelleiro de Facenda, non ter nin idea do que se está facendo.

Non obstante, parécelle igual de grave enganar á xente como non ter nin idea do que lle está pasando aos cidadáns cando un ten a responsabilidade de xestión da cousa pública. Igual que fixo referencia ás palabras exactas do alcalde ou da concelleira de Urbanismo, tamén lle gustaría terse referido ás palabras do concelleiro de Facenda pero á Comisión de Facenda do luns non se levou a aprobar a acta da sesión anterior, acta que pediu hai 2 días e segue sen estar feita (supón que haberá algunha explicación ao respecto, non obstante solicitaron que lles faciliten as cintas, non vaia ser que os papeis digan unha cousa e as cintas outras para tapar non se sabe ben que vergoñas).

Continúa dicindo o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que logo de que o goberno dixera que non se pediu nada, de non avisar aos veciños e de non tomar medidas para evitar esta situación, sabendo que en Fene non son a maioría os veciños que ocultan as súas propiedades ao fisco, o que si é certo é que hai moita xente no rural que ten un palleiro ou un alpendre dende hai moitos anos e que a maioría da xente non é consciente de todo o que consta no Catastro. Chegada a regularización tívose que ampliar os horarios e os días de atención ao público e se fixo nas condicións que se fixo, así alarmáronse cando souberon que os que atenderon aos veciños eran traballadores da mesma empresa que estaba facendo a revisión catastral nesta zona, que é quen cobra 30,00 dos 60,00 euros da taxa, polo que cada vez que lle deron a razón a un veciño sería un traballo polo que non van cobrar.

Estes traballadores, como dixo o alcalde, só asesoraban e non facían as reclamacións, que as tiveron que facer os veciños e gastar os cartos, se é o caso, en achegar as probas que fixeran falta nun prazo de só 15 días.

Logo disto, o seu partido interesouse por saber que ía pasar coas reclamacións e foi ao Catastro preguntar, atopándose cunha sorpresa, que os funcionarios do Catastro están que "trinan" porque é certo que teñen unha tarefa complexa e que as reclamacións teñen que ser revisadas polos técnicos e non se darán de alta ata que se comprobe que as altas cumpran con todos os parámetros, por iso os funcionarios do Catastro están molestos xa que logo de anos de traballo contratouse a unha empresa, Segipsa, que é a que vai tramitar as gravacións de xeito que os técnicos, que son os que coñecen como funciona e se aplica a norma non teñen capacidade de actuación.

O partido socialista non vai pedir nunca que quen ten capacidade de pagar non o faga, senón todo o contrario, pero o que non se pode facer é enganar e preocupar á xente, porque nas cartas que se lles remitiu non se explicaba que ademais dos 60 euros van ter que pagar atrasos no primeiro trimestre do ano.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que quere ler unhas frases da Lei 16/2012, do 27 de decembro, que é a que da lugar á discusión que hai hoxe aquí, así a no apartado I do preámbulo di: "En los últimos meses se vienen introduciendo diversas medidas en el ámbito tributario con el fin de consolidar las finanzas públicas y, de este modo, corregir lo antes posible los principales desequilibrios que afectan a la economía española, principalmente la reducción del déficit público .../...", logo no apartado X di: "También se introducen diversas medidas en relación con la formación y el mantenimiento del Catastro Inmobiliario. .../... ", e "Asimismo, con el objetivo de mejorar la lucha contra el fraude fiscal que supone la falta de incorporación al Catastro de los bienes inmuebles y de sus alteraciones físicas, se regula un nuevo procedimiento de regularización catastral. Y, por último, se prevé que a partir de la

0-0
090
150
P-
E-
C-

aplicación del citado procedimiento de regularización catastral pueda determinarse un nuevo valor catastral para los bienes inmuebles que cuenten con construcciones en suelo de naturaleza rústica que sean indispensables para el desarrollo de las explotaciones agrícolas, ganaderas o forestales, sin necesidad de que se realice un procedimiento de valoración colectiva de carácter general en el municipio. .../...".

Afirma o voceiro que se está a falar de fraude fiscal, cando pouco tempo antes saíu a regularización do diñeiro negro, isto é, o goberno legisla o asunto considerando defraudadores a quen non ten o recibo da contribución regularizado, por iso pregúntase: ¿os veciños e veciñas de Fene que recibiron as notificacións do Catastro son realmente defraudadores?, así o alcalde xa ten dito que el mesmo recibiu unha notificación e pregunta: ¿é o alcalde un defraudador?, pensa que non. Trátase de facer unha regularización pero coa consideración de que agora hai cousas que antes non se tomaban en conta, como pode ser a palleira que leva 100 anos na casa, ou a bodega ou o garaxe feito antes ca vivenda, de xeito que isto non pode ser problema do veciño, senón que será problema do Catastro ou do Concello e, se é o caso, esas bodegas non se están declarando porque antes non se incorporaban ao Catastro e agora, logo desta regulamentación si se quere incorporalas, polo que haberá que pagar 60,00 euros de taxas e pagar por elas polos últimos 4 anos, case con efecto retroactivo.

O que sucede é que se están dando conta de que isto está moi mal feito, xa que a maior parte das construcións que hai son na súa maioría bodegas ou garaxes que teñen case todas licenza de obra, así a Lei do catastro sinala que calquera alteración débese comunicar nun prazo de 2 meses logo da súa realización e neste sentido, se o contribuínte solicita licenza ao concello, debería ser este quen informase por escrito ao catastro para ampliar o valor catastral e a recadación do IBI, é dicir, que a todos os que viñeron aquí solicitar licenza para facer unha bodega debía ser o propio concello quen fixera a regularización e por iso non se pode facer responsable aos veciños. É máis, durante moitos anos houbo unha empresa contratada que se encargou de regularizar a situación catastral, dando de alta inmobles e notificándolle ao Catastro que no seguinte recibo xa reflexaba o incremento, de xeito que aquel veciño non tiña que pagar a taxa dos 60,00 euros nin tiña que pagar 4 anos para atrás. Ese é un traballo que tiña que facer o Concello, que se fixo durante moitos anos e que agora non se fai e haberá que determinar por que non se fai.

Hai moitos xeitos de facer a regularización, así a Lei di que se vai facer en todos os concellos do Estado español no prazo de 3 anos, entre o 2013 e o 2016, aínda que admite prórroga, así os municipios poden aceptar a regularización este ano ou retrasala ao ano seguinte, polo que había outro xeito de facelo, como se dixo antes, moitos concellos o que están facendo é notificar aos veciños que entra en vigor esta normativa e que antes do 2016 teñen que ter todo ao día e avisando que hai unha serie de construcións que antes non entraban e agora si.

Engade que moitos veciños pensaron que con pagar os 60,00 euros xa estaban regularizados, pero iso non é así, agora se actualizará o valor catastral e pagarán por eses 4 anos de atrasos e como di a lei terán o beneficio fiscal, igual que os grandes defraudadores, de xeito que non terán que pagar multa senón que é só unha taxa de 60,00 euros, non obstante hai veciños que ao mellor só pagarán 15,00 ou 20,00 euros por ano pero tamén hai outros que pagarán máis de 100,00 euros por cada un dos 4 anos.

Prosegue dicindo o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que está de acordo co dito polo voceiro do grupo municipal socialista cando dixo que non se informou aos veciños nin á oposición. En distintas Comisións deuse conta de cousas que non teñen nada que ver con esta regularización catastral.

Respecto da normativa, di que todos os expertos tributarios deste país dixeron que esta norma ten unha finalidade recadatoria. Hai outro problema, que si que é do Concello e que xa se dixo nunha Comisión, que había que informar aos veciños, ampliar horarios e así se fixo, pero o problema é que se puxo ao raposo ao coidado do galiñeiro, púxose á empresa que fixo o traballo a informar se está ben ou mal e a empresa deu explicacións, polo dito polos veciños, bastante peregrinas, evitando así que a xente non recorrea; por iso, di, botaron en falta que informasen funcionarios do Concello das irregularidades e mesmo que se facilitaran as alegacións dende o Concello, xa que debido a cantidade de erros que houbo debía ser o Concello quen canalizase as reclamacións e non derivando aos veciños a outros sitios, xa que isto é algo que causou moitos prexuízos.

Remata dicindo que houbo unha falla absoluta de transparencia do goberno municipal cos veciños e coa oposición por non ter informado antes e ten moi claro que se puido e debeuse actuar doutro xeito, paralizandoo esta regularización cando o Catastro pediu colaboración ao Concello, de tal xeito que se facilitara información para que os veciños puidesen regularizar a súa situación sen ter que pagar a taxa e os 4 anos de atrasos que van vir.

D-O
390
150
P-
E-
C-

Seguidamente fai uso da palabra o alcalde para desculpar a presenza da concelleira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez e dos concelleiros do grupo municipal do BNG que avisaron que non podían asistir a este Pleno.

Prosegue dicindo o alcalde que comezará a súa intervención facendo referencia ao dito polo voceiro do grupo municipal socialista. Di que este Pleno se convocou dentro do prazo legal, o cal aínda remataba mañá.

Respecto do dito sobre a actuación do goberno, do custe que van pagar os veciños, que se puideron mandar cartas aos veciños e que a base do Catastro vén subindo todos os anos dende 2005, dille ao voceiro do grupo municipal socialista que lembre quen gobernaba daquela que foi quen creou o automatismo da subida da base. Por outro lado díxose que el dixera que as altas afectaban só ao rural e se é así equivocouse, o que si dixo é que non afectaba a aqueles que viven en edificios que non foron remodelados.

En relación co dito de que a propia institución está colaborando coa Dirección Xeral do Catastro e que os concellos non lle facilitan a información e por iso vén agora esta regularización e que isto desenvólvese de forma opaca ou escura e demais cousas, dille que el si que se fía dos funcionarios deste Concello e da gravadora cando se pasan as actas e parécelle algo moi grave o que dixo.

Dille ao Sr. Noceda que todo isto que dixo supón que llo terá dito ás persoas do seu partido e que hoxe son alcaldes e que tamén están afectados por esta regularización, xa que o alcalde de Culleredo, que se presenta para secretario xeral do seu partido, dixo que o Catastro regulariza propiedades en Culleredo, aclarando que non se trata dunha revisión de todo o municipio e que é un procedemento de regularización totalmente alleo ao Concello; que finalizado o procedemento e no caso comprobado de que o propietario non tivese notificado ao Catastro o cambio da súa propiedade terá que abonar a taxa correspondente e o Catastro actualizaralle o valor da súa propiedade.

Prosegue dicindo que isto é o que dixo o que, con toda probabilidade vai ser o seu xefe, por tanto, todas esas acusacións que acaba de verterlle agradeceríalle que llas dirixira ou, cando menos, lle diga todo canto pensa e todo o que dixo aquí. Ao mellor ao Alcalde de Culleredo non lle gusta o que dixo, igual que non lle gustou a el, pola actitude e falta de rigor con que afrontou o tema. O primeiro que hai que facer é ter rigor e seriedade.

Continúa dicindo o alcalde que a partir de aí, o grupo municipal socialista presentou unha moción que non sabe como cualificala e dille ao voceiro do grupo municipal socialista que non vai pedir desculpas ningunha porque considera que a regularización, como vostede ben dixo, débese facer e consiste en dar de alta o que non está de alta e hai moitos inmobles neste Concello que estaban tributando por 30,00 euros, casas antigas rehabilitadas que son auténticas mansións e que só pagaban 30,00 euros, cita tamén casos do polígono industrial Vilar do Colo con naves grandes que só pagaban polo solo, edificios que teñen un piso máis de altura e que non pagaban por el. Pensa que nestes casos estamos antes loita contra o fraude. Outra cousa son os erros que puideron ser feitos por parte dunha empresa encargada pola Dirección Xeral do Catastro que levou a cabo as tomas de fotografías aéreas con pouco traballo de campo e que debería ter feito a pé de obra e que non fixo. Tampouco está de acordo con que esas persoas teñan que pagar 60,00 euros precisamente polos erros que comete unha empresa e así llo dixo ao xerente do Catastro o outro día, quen lle asegurou que todas as alegacións que se fixeran conforme existían eses erros por parte da empresa ían ser revisadas por funcionarios do Catastro e non por Segipsa, como dixo vostede, e precisa que Segipsa é unha empresa pública dependente do Catastro e os seus traballadores son funcionarios.

A moción instale para que revogue a autorización á Xerencia Rexional do Catastro para realizar a regularización catastral ao que lle di que el non autorizou absolutamente nada e que non ten competencia ningunha para dicirlle ao Catastro que faga a regularización.

Seguidamente le a carta que recibiu o concello da Xerencia do Catastro e a carta coa que lle contestaron. A carta do Catastro preguntalle se amosaba interese pola regularización e contestoulle que si e segue a dicir que si. Di que si para dar de alta os inmobles para que se correspondan fisicamente coa realidade inmobiliaria e di que dende que chegaron ao goberno a preocupación pola situación catastral foi continua e que no 2005 se asinou un convenio de colaboración coa Dirección Xeral do Catastro no que o concello se compromete a xestionar as baixas, altas e modificacións. Dende aquela o Concello asumiu unhas obrigas, pero non se cumpriron, porque o concello non remitiu ditas altas, baixas ou modificacións das novas licenzas que se concedían, co cal, quedaron sen dar de alta moitos inmobles. ¿Por que se fixa o Catastro para incluír a Fene no primeiro ano de regularización?, porque a situación é escandalosa e canta e ese é o comezo do problema e como vostedes se deron conta do que pasaba dende hai 7 anos contratan a unha empresa, verbalmente, para que proceda a regularizar os inmobles. A empresa contratada sen licitación pública comezou a

D-O
390
150
P-
E-
C-

traballar, recolleulle documentación aos veciños de Fene sen entregarlles xustificante e o goberno socialista non sabía nin do que se recollía, nin do que se presenta e así tira o tema ata o ano 2011, sen control ningún, sen comunicar todas as altas que fixeron os veciños e sen comunicar as licenzas concedidas e manga por ombro. A sorpresa vén cando a esa empresa hai que retribuírlle, de xeito que cando o PP chegou ao goberno presentóuselle unha importante reclamación que o goberno non asumiu porque a empresa non estaba legalmente contratada e porque se facturaban sen apenas aportar datos dos traballos.

Engade que se negou a pagar ese tipo de facturas, porque entendi, xunto coa intervención municipal, que esas facturas non se podían pagar. A empresa presentou unha reclamación que foi ao xulgado e o Concello de Fene tivo que pagar máis de 70000,00 euros por un traballo, que agora demostrase que ben feito non estaba e dille que incluso el, o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, foi declarar a favor da empresa ao xulgado, dándolle a razón en todas as súas reivindicacións e obviando o deber que ten de defender a este Concello. Por todo isto di que amosan interese na regularización, por todo o que hai e o que vén.

Prosegue a dicir o alcalde que a xestión catastral deste concello estaba manga por ombro e reitera que iso non quita que os veciños teñan que pagar as consecuencias dunha mala labor da empresa que está a traballar.

Á vista desta situación di que quixera saber se o voceiro do grupo municipal socialista estivera no seu lugar ía contestar si, non ou xa verei, porque aquí si que xera responsabilidade, aínda que o concello non interveña para nada. Como xa dixo o seu futuro xefe, isto non é cousa do concello e non se trata dunha revisión. Postos nesa tesitura repite que el protestou ante a Xerencia do Catastro polo xeito en que se fixo a regularización e foi, logo de falar con eles, cando veu esa empresa aquí, porque el lles manifestou que o Concello non ían pór a cara polos erros que puideron ter feitos 4 persoas que fixeron mal o seu traballo e que provocou consecuencias que, evidentemente, pagaron os veciños, cousa polo que lle dá a razón ao voceiro do grupo municipal socialista. Por tanto está claro que o proceso non é de revisión e si de regularización e, sentado isto, co que dixo ninguén pode estar en desacordo. Por iso queda bastante claro que el non deu ningunha autorización e porque senón o resto da moción non lle pediría que se dirixira á Dirección Xeral do Catastro, xa que si el autorizara algo el mesmo o podería desautorizar, sen embargo a moción pídelles dirixirse á Dirección Xeral do Catastro porque son os que teñen a culpa. Di que as culpas que teña que asumir como alcalde as asumirá sen problema ningún pero as doutros non, nin as que o voceiro do grupo municipal socialista lle queira Botar tampouco. Por iso a moción solicita pedir á Dirección Xeral do Catastro a suspensión do proceso con carácter retroactivo e esixirlle un novo proceso de regularización e preguntalle ao voceiro do grupo municipal socialista, ¿por que non se vén facendo dende 2005 cando se asinou aquel convenio co Catastro? e se ten que ver algo con iso.

Respecto do dito sobre as apreciacións dunha Lei estatal non vai entrar a discutir se é para a loita contra o fraude ou se ten interese recadatorio aínda que pensa que ten das dúas cousas.

Continúa o alcalde dirixíndose ao voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, e dicíndolle que o convenio con Catastro asínase no 2005, cando non gobernaba o seu partido, e que foi con anterioridade cando se fixou a porcentaxe da taxa; preguntalle se non lembra as manifestacións que houbo na praza do Concello contra aquel goberno do BNG por subir a taxa ao 0,64%.

Pensa que o único que se quere sacar é rédito de algo e atribuír responsabilidades á quen non as ten.

Di que noutros concellos como o de Culleredo, gobernado polo PSOE ou no de Mugardos, gobernado polo BNG, non se formou ningún "revuelo" porque a oposición foi responsable e sabe o que hai e de onde vén, pero o que se quere aquí é estar todos os días na prensa, porque o que se busca é revolver e revolver onde o concello non ten ningunha responsabilidade; por iso dille ao voceiro do grupo municipal socialista que se lla quere atribuír a el, el está aquí precisamente para isto, pero non para darlle a razón sobre todo o que queira opinar.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que ten a obriga de dicir, en nome do partido socialista o que pensa o seu partido, que non sabe o que fai o partido socialista en todos os concellos nos que goberna porque el traballa aquí, pero si sabe o que fai o partido socialista a nivel español e dille ao alcalde que esta é unha proposta que foi presentada por un deputado no Congreso a instancia dos socialistas de Fene o 31.10.2014, segundo consta no rexistro do Congreso, na que se pide con claridade, e esa é a posición do PSOE, o que seguidamente pasa a ler: "Proposición non de Lei pola que o Congreso dos Deputados insta al goberno a deixar sin efecto la regularización catastral realizada en el Ayuntamiento de Fene, A

Coruña. Anular el abono de la regularización correspondiente a los cuatro años anteriores a la misma. Ampliar los plazos de información y alteraciones. Establecer prórrogas en los plazos del IBI, tanto para familias como para entidades. Iniciar de nuevo el proceso de regularización catastral en el Municipio de forma transparente y con información precisa a la población y atendiendo a las valoraciones reales y a las condiciones socioeconómicas de la localidad.”

Di que isto é o que pensa o PSOE en toda España e o que se propuxo no Congreso dos Deputados e é o que non pide nin o alcalde nin o seu partido. Logo os veciños dirán se é isto o que queren ou se queren que se lles engane como se fixo. Agradécelle ao alcalde a súa videncia xa que é tan certo que Julio Sacristán sexa o vindeiro secretario xeral do partido Socialista na provincia da Coruña como que o sexa Manolo Mirás, que son os dous únicos candidatos que hai, xa que os socialistas, a diferenza do PP que funciona a dedo, elixen aos seus dirixentes democraticamente mediante a votación de todos os afiliados, votación que será este domingo e non será quen diga o alcalde. El, como secretario xeral do partido socialista de Fene, tanto saia elixido un ou outro candidato se pensa que están equivocados en algo llo dirá, máxime se lle afecta aos veciños de Fene.

Prosegue a dicir o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que respecto do convenio asinado no 2005 lembra que o partido socialista gobernou en Fene entre os anos 2007 e 2011, que o modelo de goberno do alcalde non é o seu, xa que o seu modelo é o do Concello do Barco de Valdeorras, que asinou un convenio co Catastro de xeito que cando un veciño solicita unha licenza de obras o propio concello lle fai o trámite no Catastro. Respecto do dito de que lle hai que pagar á empresa ou non, dille ao alcalde que o hai que aclarar no xulgado, onde por certo non lle deron a razón nin no primeiro xuízo nin no seguinte e si lla deron á empresa e por algo será. Dille ao alcalde que non lle volva dicir que isto ocorreu polas súas declaracións porque el só acudiu ao xulgado dúas veces na súa vida e foi para declarar, para declarar a verdade, beneficiase a quen beneficiase e prexudicase a quen prexudicase, porque iso é o que tiña que facer, dicir a verdade que coñece e agora repite en público o que dixo no xulgado cando lle preguntaron se no concello había contratacións verbais ao que respondeu que cando o seu partido chegou ao goberno había máis de 20 empresas con contratos verbais sen regularizar, que durante o tempo que gobernaron tentaron regularizar os contratos que puideron e outros quedaron, e matiza que non foron todas as empresas contratadas a dedo, xa que houbo ocasións nas que se acabou o prazo do contrato e se lles prorrogou tacitamente, e eses contratos foron quedado, por iso rógalle ao alcalde que cando fale destas cousas o faga con seriedade e pregúntalle, ¿cantas empresas hai contratadas no Concello que aínda non teñen proceso de contratación iniciado?.

O seu goberno iniciou un proceso no 2007 que rematou no 2011, reduciuse algo o número, pero o goberno actual segue a ter empresas na mesma situación porque o ritmo de contratación vai ao ritmo que se pode e se o goberno do PP ten feito máis contratos que os que fixo o partido socialista entre o 2007 e o 2011 terá a súa felicitación e se foron menos terá que recoñecer que foron a menor velocidade.

Non obstante, dille ao alcalde que segue a haber contratos sen licitar e así o lembra a interventora municipal nos informes que fai cando hai que pagar facturas como pode ser o contrato telefónico, da luz e uns cantos máis. Así que isto foi o que declarou no xulgado, que a empresa do Catastro foi unha das empresas que non tiña un proceso regular e que cando marcharon non conseguiron regularizala, outros contratos si, como foron os seguros.

Falando da empresa di que o procedemento que había era moi claro e aclara que á empresa non a escolleu o PSOE pois xa viña de atrás e o seu funcionamento consistía en que o señor cobraba só polas altas que tiñan entrada no Catastro, nos demais casos non cobraba.

Na primeira factura que reclamou había varias entradas que xa estaban dadas de alta no Catastro e polas que o Catastro xa estaba pasando as facturas e o Concello cobrando o IBI, e vostede, dille ao alcalde, non quixo pagar aquela factura, e unha cousa é separar o que está ben ou mal coas empresas contratadas e outra distinta é ter caprichos persoais, aquilo o foi e así o confirmou o xulgado agás unha factura de pouco importe e agora por todo isto a ver se non lle van ter que pedir explicacións polas costas.

Para que se vea a eficacia pola que cada un xestionou o Catastro, pídelo ao alcalde que informe das altas que deu o Concello ano por ano dende o 2006 e así verase a xestión feita na etapa do PSOE ou do BNG, xa que igual lévanse unha sorpresa. Estes datos os pediron pero non se lles facilitaron e iso tamén di algo do talante democrático dalgúns.

Prosegue a dicir o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que a moción pide cousas claras e obxectivas, solicitan que se desculpe o concelleiro de facenda por dicir algo que non era toda a verdade e se o que dixo era a súa verdade debe pedir desculpas por descoñecer un tema tan grave que estaba a pasar no Concello e non sabelo. Dille ao alcalde que respecto del, cando

D-O
390
150
P-
E-
C-

menos recoñeceu que se equivocou porque as cousas que dixo son gravísimas, como que só afecta á zona rural e rógalle que agora que xa comezou siga recoñecendo as demais cousas nas que se equivocou, aínda que algunha cousiña a tivera feito ben e o ten doado se apoia as propostas que fai o partido socialista como esixir a suspensión inmediata deste proceso.

Tamén piden a suspensión con carácter retroactivo da taxa de regularización e vostede xa ten feito declaracións ao respecto de que lle parece mal, polo que rógalle que apoie esta proposta. Tamén piden que isto repercuta en quen cometeu o erro, así como a simplificación da información e pedir uns prazos de alegación máis amplos, estas son cousas de sentido común para os veciños. Pide eliminar a taxa de regularización catastral, xa que na práctica o Concello xa facía estas regularizacións mediante as empresas contratadas, a que había antes e a contratada polo actual goberno se deu algunha alta, aínda que ese dato non o sabe porque non se lle informou de nada, algo que se facía de balde para o veciño e a empresa cobraba unha porcentaxe do primeiro recibo co que había beneficio para todos.

Pregúntalle ao alcalde por que non se segue con este procedemento e engade que cando se fai un procedemento deste tipo ten que ser con empresas que teñan solvencia acreditada, porque non pode ser que Segipsa como empresa estatal busque asesoramento nos xerentes dos catastros sobre as empresas a contratar, o que pode soar a delito e que incluso a el non lle parece mal de todo, porque en Madrid igual non teñen idea de quen traballa en cada territorio e igual, con todas as salvedades legais, non está mal que dende as provincias asesoren de quen pode traballar ben, pero no caso de Fene escolleuse a unha empresa da que aconsella ir ao Catastro a preguntarlles aos funcionarios que imaxe teñen desa xente, unha empresa que só tiña a un traballador na zona de Ferrolterra antes de comezar este traballo e esa era a súa capacidade técnica para desenvolver un traballo tan persoal e exhaustivo como este; por iso di que este proceso non é serio.

Para ser rigoroso hai que paralizar o proceso e que o pague quen se equivocou, que non foron os veciños de Fene, repetíndoo con garantía para quen teña que someterse e sen taxas inxustas, como o alcalde xa ten recoñecido.

Pregúntalle ao alcalde se queda tranquilo con que sexa esta empresa, de dubidosa solvencia técnica, a que lle informe aos veciños de como teñen que reclamar cando ademais e mesma empresa cobra 30,00 euros por alta. Para el é mellor que esta información a fagan os técnicos municipais, que son os que coñecen aos veciños e as súas propiedades e se hai que pagarlles horas extra ninguén vai recriminar nada por isto e pregúntalle ao alcalde se pode estar co seu grupo nisto.

Por último dille ao alcalde, en relación co dito dos impostos conxelados, que o seu grupo sumouse hai uns días a unha campaña que uns veciños están facendo no concello para solicitar baixar o tipo do IBI nun 0,5% e volver a presión fiscal do IBI aos termos que tiñan ao inicio do seu mandato, o que lle parece moi razoable, xa que o IBI subiu todos estes anos de crise económica e non está fóra de lugar, cando menos, volver colocar o IBI nos termos que tiña ao inicio da crise.

Remata dicindo que pensa que nada do que lle piden ao concelleiro de facenda e ao alcalde está fóra de lugar, de feito dille ao alcalde que xa deu un pasiño ao recoñecer que en algo se había equivocado, por iso convídao a que sega a seguir dando pasos e que camiñe co resto dos concelleiros e veciños.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que pensa que están falando de Fene e non de Culleredo ou Mugaros nin da corrupción dos ministros. O alcalde leu a carta do Catastro e a súa contestación na que amosou o seu interese e pensa que ben podía ter amosado a súa falla de interese para dar un prazo ás veciñas e veciños para regularizar a situación como se fixo noutros sitios.

Respecto das naves do polígono ou vivendas que non están de alta no Catastro ninguén dubida que se teñan que dar de alta pero para isto non é precisa unha regularización e ben o podía ter feito o Concello notificándolle estas altas ao Catastro, como se estivo facendo durante moitos anos.

Se había unha empresa, sen debater se no xulgado se gañou ou perdeu, que fixo un traballo, pregunta por que non se aproveitou ese traballo e non se deron estas altas no Catastro.

Isto é o que pensa que hai que buscar e o que pensa que se debe facer e non que teñan que pagar todos 60,00 euros. En relación co dito do 2005, aínda que el non estaba en política, se se produciu foi porque no 2002 houbo un PXOM e como consecuencia disto houbo que facer unha revisión catastral a todos os terreos, xa que houbo terreos que antes eran rústicos e pasaron a urbanos e a partir do 2005 todos tiñan correctamente dados de alta as súas propiedades e a súa contribución e daquela non se incluían as bodegas ou os galiñeiros, isto é algo que se fai agora como se os veciños tiveran ocultado eses datos daquela, cando iso non foi así, daquela non se actualizou porque non era preciso. No 2005 houbo moitas protestas e quen gobernaba o fixo a pesar delas, pero dende aquela se seguiron dando de alta por parte da empresa que fixo o traballo. Lembra que hai 2 meses pediron

0-0
309
150
P-
E-
C-

que se lle facilitaran as altas que deu o Concello dende o 2011 cando entrou o goberno actual e a data de hoxe aínda non llo facilitaron.

Engade que non se pode botar a culpa sempre ao BNG ou ao anterior goberno porque o actual leva case 4 anos e semella que leva aquí 3 meses e que non sabe nada disto, cando as regularizacións se puideron ter feitas.

Prosegue a dicir o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino Jose Trigo Rey, que o BNG subiu o tipo do IBI moitas veces pero no 2008 pasouse ao 0,64% por unanimidade de todos os grupos políticos. Hoxe os xustificantes de pagamento veñen case co 0,68%.

Hai, polo tanto, unha suba de máis dun 10 ou 15% a groso modo e se o tema do Catastro estivera tan mal, como dixo o alcalde, non se estaría recadando case que 3 millóns de euros. Roga que se fale do que hai que falar e que foi o que ocorreu para estar hoxe aquí falando disto, por iso a oposición pensa que isto estivo moi mal xestionado, que se puido facer doutro xeito e non prexudicar aos veciños que non teñen ningunha nave no polígono e que non fixeron ningunha casa nova, xa que atrévese a dicir que o 90% das modificacións que se fixeron foron todas por bodegas, garaxes, galiñeiros ou rochos e iso é do que el está falando hoxe aquí.

En relación co dito polo grupo municipal socialista de reducir o IBI di que non está de acordo en facer unha redución xenérica, xa que isto é un pouco máis complicado, aínda que lle parece ben como xeito de reivindicar e pon como exemplo que non está de acordo con baixarlle a contribución a Navantia do 0,68 ao 0,50%. Non obstante di, en relación co global desta iniciativa, que a ve moi axeitada co que realmente ocorreu.

Seguidamente fai uso da palabra o alcalde que di que non vai contestar a determinadas cousas que non lle merecen interese e que non están relacionadas co que se está tratando aquí, pois dille ao voceiro do grupo municipal socialista que el só fixo unha comparativa e repite que a empresa que traballou en Fene é a mesma que traballou en Culleredo, Mugardos ou Valdoviño, sen entrar en como o fixo, pois el non vai defender á empresa.

Considera que os mesmos problemas que hai en Fene, problemas que nunca negou e que engade que fixo moitas alegacións, tamén os tivo que cometer neses outros concellos e non sabe por que naqueles concellos non se oe nada, nin sae nada nos xornais. Tampouco sabe as persoas que tiña traballando a empresa na comarca o que si sabe é que cando se lle solicitou que viñeran dar explicacións aquí, houbo 2 persoas traballando mañá e tarde, por iso cónstalle que 2 traballadores os había. Sen falar de atrás, se lle pediu que se faga en Fene como se fai no Barco de Valdeorras e así se está facendo, así os mércores hai unha persoa no primeiro andar que lle recolle a todos os veciños os modelos 901, 902 e 903, altas, baixas e modificacións e non lles cobra nada e pregúntalle ao voceiro do grupo municipal socialista porque non se fixo antes.

Cando falou do 2005 non personalizou en ninguén, só fixo relación a uns determinados gobernos que gobernaron daquela. Respecto da baixada do IBI di que recolle a luva, pero dilles aos concelleiros que todos saben que non é tan doado, pero como dixo o voceiro do grupo municipal do BNG como se lle vai facer unha baixada do 0,5% a todo o mundo e pregúntalle ao voceiro do grupo municipal socialista que pensaría se o goberno actual pensara baixar o IBI, ¿non pensaría que veñen aí as eleccións? Engade o alcalde que pensa que ao mellor é que o grupo socialista está pensando en ofertar esa baixada.

Considera que si se pode baixar o IBI, pero aínda que se vai presentar ás vindeiras eleccións non vai ofertar a súa baixada porque sería irresponsable pola súa parte en tanto non se cancele a débeda bancaria deste concello. Cre que iso é algo que seguramente se poderá ver a finais do ano que vén, cando aquel 3,7% aplicado sobre o 0,64% deste Concello que aplicou o goberno central do Partido Popular a todos os concellos si lle parecería xusto baixalo, e a partir de aí, haberá que facer un estudo económico sobre a repercusión que tería a baixada para que non repercuta na prestación dos servizos.

Continúa a dicirlle o alcalde ao voceiro do grupo municipal do BNG que non todo estaba regularizado no ano 2005. Dille que non lles facilitou moitos datos que vostedes reclaman porque os ten a concelleira de urbanismo que llos vai facilitar neste momento.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que quere facer unha aclaración respecto da manipulación da realidade feita polo voceiro do grupo municipal socialista, non completando a lectura, falando do escurantismo do goberno para salientar o carácter oportunista da oposición en relación coa comisión de maio no que estaban representados dous concelleiros do partido socialista e u do BNG na que se deu conta deste asunto.

D-O
09E
150
P-
E-
C-

Na comisión díxose: "A regularización do catastro o que busca é que todos aqueles inmobles que aumentaron de volume ou nos casos de rehabilitación actualicen os seus datos. O catastro vén de enviar un listado con inmobles que non constan a súa titularidade e que xa no entrarían dentro do que é a regularización e obxecto do contrato."

Logo de rematada a intervención do goberno no punto Rogos e preguntas, que é cando pode intervir a oposición non se fai ningunha, á oposición non lle importou nada a regularización no mes de maio, nin preguntaron que era iso. En canto ao listado dos inmobles no que non constaba a titularidade a que fixo referencia o voceiro do grupo municipal do BNG, a Xerencia do Catastro trasladoulle ao concello unha serie de inmobles no que non constaba a titularidade deses inmobles, co cal non se podería pasar o recibo do IBI. Este traballo, que non era obxecto de contrato, o fixo o persoal do concello. A maiores, en relación coa regularización catastral, houbo unha persoa do concello, igual que sucedeu nos concellos da comarca suxeitos á regularización, Mugar dos e Valdoviño, que era o nexo de unión entre a empresa encargada da xestión da regularización catastral (que é a empresa que vai facer a regularización en todos os concellos de Galicia e León) que foi felicitada polo Catastro.

Cando comezaron a chegar as primeiras reclamacións, distintos funcionarios do concello atenderon aos veciños, 3 persoas dedicadas a administración e 2 técnicos da Área de Urbanismo dedicáronse a atender e solucionar as posibles reclamacións que puidesen presentar os veciños, mediante a consulta do expediente que constaba na carta do Catastro e informándolles de cal era o estado daquel e axudándolles a facer as alegacións, neste sentido houbo diversos contactos co persoal do Catastro para pedir-lles explicacións do porqué da regularización, como foi o tema da piscinas móbiles. A medida que foron avanzado e chegando aquelas cartas de regularización máis xente veu ao Concello e o persoal de urbanismo non era quen de facer o seu traballo ordinario e solicitáronlle que se reforzase a atención cara ao público, así o alcalde falou coa xerencia do Catastro que foi quen lle di que o lóxico sería que fose a empresa que fixo a regularización quen as revisase, por iso dende o xoves 30.10.2014 estiveron 2 persoas mañá e tarde ata o 07.11.2014; logo cambiouse a atención ao público a 1 día á semana; atenderon a 118 persoas e dixeron que a maioría dos contribuíntes preguntaron pola cota do IBI e non pola regularización.

En canto aos erros, di que nos procedementos se poden cometer erros e por iso hai unha vía que son as alegacións; o goberno de Fene puxo a disposición dos veciños os medios que ten, tanto traballadores municipais como unha empresa que os puido asesorar mañá e tarde.

Respecto do dito de que dende o 2005 estaba a situación regularizada di que a persoa representante do Concello en contacto co Catastro recibiu 5 listados, un no que non figuraban titularidades e que non foi obxecto desta regularización e 4 listados a maiores, un de rehabilitacións, un segundo de ampliacións, un terceiro de rehabilitacións e obra nova e nun cuarto obra nova, na que se incluía fins de semana, naves, vivendas e demais; listado no que constan 25 naves no polígono Vilar do Colo. O goberno leva á fronte do concello dende xuño de 2011 e xa lle gustaría a eles que neste período se construíran 25 naves, é máis, no período do alcalde Puentes, entre o 2007 e o 2011 tampouco se construíron estas 25 naves, só algunha delas, pero no listado hai naves do ano 2004, 2002 ou 2001, de igual xeito constan vivendas ou fins de semana, concretamente pensa nunha que sabe que ten licenza dende 2001 que ten un problema dunha infracción urbanística a maiores. A falla de xestión catastral que houbo neste concello motivou en parte a regularización que se fixo, e coincidiron, tanto o voceiro do grupo municipal do BNG como do grupo municipal socialista que os que teñan, que paguen. Aínda que en todos os procedementos se cometen erros, o alcalde recibiu a todos e cada un dos veciños, fíxolles as alegacións e a maiores puxo todo da súa parte para ter un asesoramento para os veciños e iso pensa que vostedes, no seu lugar, tamén o chegarían a facer.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di respecto da baixada do IBI dixo na súa intervención que iso é unha referencia e non se trata de que todo o mundo pague un 0,5 % menos evidentemente, xa que haberá casos que terán que pagar máis ou menos, hai entidades e cidadáns que están pasando momentos de bastante dificultade e estas cuestións terán que verse reflectidas no tratamento impositivo. En calquera caso, neste punto, como nos anteriores o partido socialista está disposto, se todos os grupos teñen o mesmo ánimo, a consensuar unha emenda para este texto ou para outro texto no que se recolla o espírito de como se ten que desenvolver a cuestión. O seu grupo aceptaría que no punto 7, a partir de onde pon "instar ao goberno municipal para" se cambie polo seguinte texto: "iniciar un proceso de rebaixa do tipo do IBI a niveis en consonancia coa situación socioeconómica actual". Di que se hai algunha consideración nalgún dos demais puntos, sabendo que hai diferenzas, están dispostos a falar e modificar as propostas, sempre que non se perda o espírito das solicitudes que se fan. Quere matizar respecto do lido da acta da Comisión que el non estivo naquela sesión e que se limitou a ler a acta así como as declaracións do alcalde nos distintos medios, por iso roga prudencia á hora de

0-0
360
150
P-
E-
C-

facen algunha afirmación sobre impresións, manipulacións e demais porque os papeis e as gravacións as ten enriba da mesa para que ninguén questione nada do que dixo. Remata dicindo que o proceso está perfectamente claro, dalgunhas cousas que se dixeron sabe que a semántica dá para moitísimo pero el non veu aquí para discusións semánticas, senón que veu para ir ao fondo da cuestión e do que significa. Así, hai unha carta do Catastro no que se informa do que vai vir con claridade e outra carta do alcalde que manifesta que quere ser incluído no proceso, por iso agora, coa redacción que queira vostede, rógalle ao alcalde que manifeste o desexo de ser excluído. A proposta está enriba da mesa e se hai algún elemento que cause disenso nalgún dos parágrafos que se queira emendar ou modificar están abertos ao diálogo.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que cando se tenta desviar a atención do debate pensa que debe centralo outra vez. Logo de escoitar á voceira do grupo municipal do PP dille o que o BNG non admitiría esta regularización como se fixo, amosarían o seu desacordo e tentarían que os veciños regularizaran todo antes do 2016 e se evitaría ter que estar facendo favores, case que persoais, aos veciños facéndolles alegacións. Dille á voceira do grupo municipal do PP que aquela costume de mentir ou dicir verdades a medias acaba cansando e preguntalle o que lle leva preguntado dende hai dous meses: ¿cantas altas deu no Catastro o goberno actual dende o ano 2011?. Leva dous meses sen contestar e o único que lles deu é que dende antes do 2005 había unha caseta que non estaba regularizada e inda por riba cunha infracción urbanística, por iso di que é de sentido común regularizala.

Rógalle ao goberno que se centre e que responda ao que se lle pregunta. As verdades a medias teñen o problema de que se non se facilitan os datos non se pode ver cantas daquelas naves ás que fixo referencia estaban regularizadas ou tiñan licenza de obra anterior e que, ao mellor aínda non estaban finalizadas, non tiñan a licenza de ocupación ou licenza de actividade concedida e por iso aínda non se lles cobraba. Rógalles que conten verdades con transparencia, que deixen de buscar datos de hai máis de 10 anos e que lles acheguen os datos que se lles piden, que isto son os xeitos de traballar e no que se centra o debate de hoxe e pensa todo o que se fixo ao respecto fíxose mal, xa que, doutro xeito, os veciños non terían que ter pagado os 60,00 euros nin os 4 anos cara atrás, regularizaríanse as cousas como se tería que ter feito e hoxe non se tería feito este debate.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que o grupo municipal do PP non vai entrar a emendar agora mocións que non comparten para nada, se o PP ten unha proposta para a rebaixa do IBI a presentará por escrito, logo de ter feito un estudo económico.

Seguidamente o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, di que a emenda se axusta moito máis ao que eles pensan.

De seguido intervén o alcalde que anuncia o debate finalizado e di que para el o doado era aceptar esta emenda e non o vai facer porque pensa que a moción presentada, aos seus efectos, non ten validez ningunha nin vai beneficiar aos veciños absolutamente para nada, así pon por caso que de cada 100 expedientes que se someteron a regularización, formuláronse alegacións en 9. Nun tema tan sensible como é o tema do Catastro, se a regularización fose xeral ou salvaxe, salvando os erros, este pleno e a praza enteira estaría cheo de xente.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por sete votos a favor (4 do grupo socialista e 3 do grupo do BNG), con 6 votos en contra do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1.- Instar o Concelleiro de Facenda e Promoción Económica do Concello de Fene para que se desculpe ante os membros da Comisión de Facenda do Concello de Fene, e os veciños e veciñas aos que representan, por ter faltado á verdade nas súas declaracións na sesión do pasado mes de outubro.

2.- Instar o Alcalde do Concello de Fene, Gumersindo P. Galego Feal a que se desculpe ante a veciñanza e os membros desta corporación por:

2.1.- Ter faltado á verdade, ocultando datos, na información pública que facilitou sobre o proceso de Regularización Catastral.

2.2.- Renunciar á defensa dos intereses dos veciños e veciñas de Fene e abandonalos á súa sorte someténdoo a un proceso de regularización inxusto.

3.- Instar ao Alcalde, Gumersindo P. Galego Feal, para que revoque a autorización á Xerencia Rexional do Catastro para realizar a Regularización Catastral.

4.- Esixir á Dirección Xeral do Catastro e do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas:

4.1.- A suspensión inmediata do proceso de regularización catastral no Concello de Fene.

4.2.- A suspensión con carácter retroactivo da inxusta taxa da regularización catastral.

4.3.- Esixir á Dirección Xeral do Catastro e o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas que repercutan na empresa xestora o custe que para os/as veciños/as supón demostrar as falsidades e imprecisións sobre as que se lles está a realizar a regularización.

5.- Esixir á Dirección Xeral do Catastro e o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o inicio dun novo procedemento de Regularización Catastral en Fene baixo as seguintes premisas:

5.1.- A realización dunha campaña exhaustiva de información sobre a regularización catastral proposta a cada un/unha dos/as afectados/as.

5.2.- Establecer un prazo de reclamación para os afectados pola regularizacións dun mínimo de 60 días a partir da recepción da información detallada da proposta para ás propiedades de cada veciño/a.

5.3.- Eliminar a taxa da Regularización Catastral.

5.4.- A contratación de empresas acreditadas e con suficiente solvencia técnica para elaborar a proposta de regularización, abandonando as prácticas clientelares que tanto dano levan causado á veciñanza ao ter contratado entidades sen a máis mínima capacitación técnica.

6.- Instar ó goberno municipal do Partido Popular de Fene para que o asesoramento á veciñanza no proceso de Regularización Catastral se realice, en todo momento, por técnicos municipais independentes. Evitando así que sexan asesorados por parte interesada.

7.- Tendo en conta o incremento anual da base imponible do valor catastral, nos últimos 10 anos, no Concello de Fene, e a actual situación socioeconómica Instar ó Goberno Municipal para iniciar un proceso de rebaixa do tipo do IBI a niveis en consonancia coa situación socioeconómica actual.

Finalizado a orde do día o alcalde levanta a sesión ás 20:05 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Gumersindo Pedro Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas